

Estimadas familias:

Lembrámoslles que deben ler o protocolo de comedor colgado na web do colexio.

Nesta circular aparecen algúns dos puntos que deben ter en conta para cando comecen o comedor:

- O correo electrónico para notificar a asistencia en días esporádicos é:

comedorcolexioquiroga@gmail.com

E tal como figura no protocolo, deben comunicálo antes das dúas da tarde (14:00h) do día anterior. Se é para o luns, antes das 14:00 do venres. En caso de festivos, deberá ser comunicado o último día lectivo anterior.

- Recollida do alumnado ás 15:30 horas, agás os alumnos da ESO, os martes, que xa quedan no colexio, e o alumnado de actividades extraescolares. Rógase puntualidade.
- Calquera intolerancia ou alerxia deberá vir acompañada dun informe médico.
- Cada mes teredes o menú subido na web do colexio e nas redes sociais.
- O alumnado de educación infantil e primaria (1º e 2º) deberá traer un mandilón de cadros grandes vermellos. E levarano a casa o último día da semana.
- Todo o alumnado que queda a actividades deberá traer unha bolsa de aseo con cremalleira e co seu nome, na que depositará os útiles para o cepillado e a hixiene dos dentes (cepillo, pasta e un vasiño), esta vai e vén na mochila do alumno/a cada día.
- Deben figurar sempre dous números de teléfono de contacto, como mínimo.
- O custo do mes completo será de 135 €. Todos os meses, independentemente do número de días lectivos, Terán o mesmo custo a excepción do mes de xuño, que se facturará por días soltos.
- O custo do menú cando sexan días soltos será de 7,50 € por día.
- A partir do segundo irmán ou irmá, farase un descontó do 10%, en caso de asistir todo o mes.
- Se algún alumno non cursa matrícula oficial no mes de setembro, non poderá facer uso do comedor durante o curso.
- En caso de separación matrimonial, a efectos de posibles saídas, deberá comunicarse ao responsable que persoa virá recoller habitualmente ao alumno/a. Tamén se deberá cubrir a correspondente autorización cando a persoa que vaia recoller ao alumno/a sexa distinta do seu pai/nai/titor. Deberá adxuntar fotocopia do DNI.
- Se o pago se vai realizar por varias persoas, cada unha delas cubrirá e asinará esta circular e a de matrícula.

✂
.....

Devolver ao centro cuberto e asinado.

Eu pai /nai/ titor legal de
.....
do curso son coñecedor do protocolo de comedor e acepto as normas.

Data:

Sinatura: